

# Os axuntamentos e deputacións deben redactar en galego

A proposición de Lei do Uso do Galego nas entidades locais, aprobada polo parlamento de Galiza, causou a división entre os grupos da Xunta ao votar a favor PNG e CG e oporse o PSOE; aínda que dentro deste partido tamén existen algunhas indisciplinas como a de González Amadiós e Pablo Sande. Este traspé do Goberno está a propiciar que se tente excluir del ao PNG, sobre todo despois de verse a súa firme decisión de non fusionarse con CG, pero asposíbeis desercións no seo dos socialistas están botando para atrás esta medida que deixaría a González Laxe en minoría.

A Lei sobre o Uso do Galego polas entidades locais, apresentada polo PSG-EG, recolle que os axuntamentos e as deputacións deberán redactar en galego a convocatória das sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, dictames das comisións informativas e actas, sen perxuício de que tamén o faga en español, pero todo pode quedar en águia de marañas pois sinala tamén que será a Xunta a impulsora deste proceso, através de programas de formación e adoitando as me-

didias oportunas para que os funcionarios coñezan o galego.

Pero a maioría do actual goberno autonómico non está por ese labor. Así quedou demostrado na votación, onde o PSOE se opuxo á aprobación desta lei argumentado que "non están pola imposición dun idioma senón polo bilingüismo equilibrado", algo co que se quere maquillar a súa postura a prol do español.

Coalición Galega, a quen lle tira máis o goberno que o galego, ao fin, votou a favor da proposición de lei, pero non por conven-



cimento, senón para non quedar descolgada do PNG que decidiu, desta volta e en consonancia co aprobado no seu recente congreso, "coller a bandeira nacionalista na Xunta".

Os deputados do PSOE González Amadiós, Pablo Sande e Manoel Blanco, romperon a dis-

ciplina de voto do seu grupo ao facelo a favor da lei, absterse e non pronunciarse respectivamente.

## Dificultades no Goberno

Esta nova disensión entre os tres partidos que forman o actual goberno pretende ser aproveitada por Coalición Galega e polo PSOE para desembarazarse do PNG, sobretudo cando pareceu quedar claro que este partido tronchou toda posibilidade de fusión cos coagas.

Alguns sectores económicos, con incidencia en certos meios de comunicación, están alentando a que se prescindira do PNG na Xunta. Tanto X.L. Barreiro como Antolín Sanchez teñen mantido reunións neste senso, aínda que, como a celebrada o día do pleno no Hostal, tenten apresetalas como normais.

De momento hai só unha única dificultade que os detén: o goberno quedaría en minoría. As dificultades para encontrarlles un

"relevo" con fichaxes procedentes do Grupo Popular van cada día en aumento.

A isto teñen que unirille, agora, as propias diverxencias no seo do PSOE e os intentos de Antolín S. Presedo de purgar ao sector nacionalista.

O voto en contra de González Amadiós, xa anunciado, e a abstención de Pablo Sande, os dous representantes do PSOE na Mesa do Parlamento, así como o "pasotismo" de Manoel Blanco, son posturas persoais tentando ser consecuentes coas ideas, pero tamén un reto ao Secretario Xeral do PSOE, que, como informábase na pasada semana, estaría disposto a sacrificar ao goberno en aras do seu liderazgo indiscutible dentro do partido. O que xa non parece estar tan claro e que a maioría dos actuais altos cargos socialistas pensen o mesmo. As liortas desta formación van condicionar os cambios na Xunta.